

O Premio AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade está promovido polo Instituto de Estudos Chairegos e polo Concello de Vilalba, coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia, na honra de Agustín Fernández Paz.



## **BASES**

### **VIII PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ**

#### **Primeira**

Poderán participar todas as persoas de calquera nacionalidade e idade que presenten narracións inéditas en lingua galega, dirixidas ao público infantil e xuvenil, cunha temática vencellada ao compromiso pola igualdade de xénero, raza, nacionalidade...

#### **Segunda**

Establécese un premio único e indivisible, dotado con 3.000 euros.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables segundo a lexislación vixente.

#### **Terceira**

A obra premiada será publicada por Edicións Xerais de Galicia, que se reserva os dereitos de edición da obra premiada nos 1.500 primeiros exemplares. Entregaránselle ao/á gañador/a 30 exemplares.



#### **Cuarta**

A obra terá unha extensión libre e presentarse encadernada, por cuadruplicado, en papel impreso polas dúas caras, tamaño DIN A4.

Presentarase baixo o sistema de plica, polo que se enviará cun sobre á parte; no exterior do sobre figurará só o lema e no interior incluírase o título da obra, o lema, unha copia do NIF do /a autor/a, o enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico.

#### **Quinta**

O prazo de presentación de orixinais comezará o 23 de abril de 2024, Día Internacional do Libro, e prolongarase até o día 12 de xullo de 2024 (8º cabodano de Agustín Fernández Paz).

#### **Sexta**

O xurado estará formado por tres persoas de recoñecido prestixio cultural. Emitirá o ditame, que será inapelable, na última semana do mes de outubro de 2024, e poderá declarar o premio deserto.

#### **Sétima**

A entrega do premio terá lugar nun acto do que se dará conta oportunamente.



VIII PREMIO  
AGUSTÍN  
FERNÁNDEZ  
PAZ  
DE NARRATIVA INFANTIL E XUVENIL  
POLA IGUALDADE

**BASES**